

04-04-2022

Ciencias Sociais

Traballamos nas páxinas 80, 81.

Copiamos na libreta:

As rochas forman os continentes e as illas.

Algunhas rochas son duras, como o granito. Outras rochas son brandas, como a lousa.

As rochas utilízanse para construír edificios, para facer esculturas...

Os minerais son os materiais con que están feitas as rochas. Úsanse para obter ferro ou vidro, para fabricar xoias...

Facemos exercicios da páxina 81.

05-04-2022

Ciencias da Natureza

Traballamos nas páxinas 82, 83.

Copiamos na libreta:

Todas as cousas que nos rodean pesan e ocupan un espazo.

O peso dun obxecto depende da cantidade e do tipo de material con que está feito.

O volume é o espazo que ocupa un obxecto. Para medir o volume dun obxecto pequeno introducímolo nun recipiente graduado cheo de auga. Despois comprobamos canto subiu o nivel de auga.

Facemos exercicios da páxina 83.

07-04-2022

Ciencias Sociais

Traballamos nas páxinas 82, 83.

Copiamos na libreta:

Os puntos cardinais axúdannos a orientarnos en calquera punto da superficie da Terra.

Os puntos cardinais son catro: norte, sur, leste e oeste. O sol sae polo leste, ao mediodía está no alto do ceo e ocúltase polo oeste.

A rosa dos ventos representa os puntos cardinais. Nos mapas e planos inclúese para indicar onde está o norte.

Facemos exercicios da páxina 83.

08-04-2022

Ciencias da Natureza

Traballamos nas páxinas 84, 85.

Copiamos na libreta:

Os materiais poden estar en tres estados diferentes: sólido, líquido ou gasoso.

Hai materiais, como os metais, que cando quecen aumentan de tamaño, é dicir, dilátanse.

Se os deixamos arrefriar, recuperan o seu tamaño normal.

Algúns materiais, como a madeira, arden. Cando se queiman, transfórmanse noutras substancias.

Facemos exercicios da páxina 85.